

# A MUJER *nel mundo* RURAL



↓ M<sup>a</sup> José Fraga Suárez

*«Los trabayos d'esti mundu  
son pa les probes muyeres,  
que tán esperando en casa  
que los maridos vinieren»*

(Cántiga tradicional asturiana)

**O**s versos d'esta copla reflexan dous dos rasgos que tradicionalmente caracterizaron a situación das muyeres: a cantidá y diversidá de llabores a os que tein que fer frente, y qu'el sou mundo teña como centro a casa y os sous asuntos, véndose llimitao, as máis das veces, tamén físicamente al entorno doméstico.

## Fendo un pouco d'heistoria

Nas sociedades primitivas a distribución das llaborías ta orientada á supervivencia del especie, esto é, a satisfacer as necesidades de producción d'alimentos y reproducción. As muyeres, ademáis de ter menos forza física, vían disminuída a súa capacidá pra moverse como consecuencia da xestación y cuidao das crías. Este feito motivóu que fosen os homes

os que s'especializasen nas actividades que precisaban máis desarrollo muscular y rapidez.

Al ser a muyer el única representación y símbolo da fecundidá, as primeiras divinidades foron femeninas. Pro ben cedo foron substituidas ou relegadas pollas grandes relixóis patriarcales. Y nun é casual nin gratuito qu'as tres grandes confesióis del mundo occidental —cristiana, xudía, islámica— presenten al home como protagonista dos mitos qu'esplican as orixes del xénero humano.

En todas as civilizacióis, os roles d'homes y muyeres tán condicionaos pollos sous papeles nos sistemas productivos y reproductivos. Col andar del tempo y el desarrollo das sociedades, os homes van monopolizando actividades, féndose col control dos recursos, a terra y os medios de producción.

Asina, nel siglo XVI, Montaigne dice nos sous *Ensayos*: «As muyeres nun s'equivocan condo refugan as regras introducidas nel mundo, na midida na qu'os



Gradando úa terra nel conceyo de Xixón bacía 1918

homes las crearon sin ellas». Y, xa nel XIX, Marx defini á muyer como “proletaria del home”.

Nun mundo nel qu’as normas, as lleis y institucións, y os sistemas de goberno tán feitos á medida dos homes, a muyer taba destinada a desempeñar el sou papel como esposa y madre, tendo difícil ou nulo acceso a muitas profesións, á educación superior, á política...

En España a muyer nun ten dereto al voto hasta el ano 1931, y hai qu’esperar a 1975 pra que nel Código Civil deixe de figurar el home como cabeza de familia, y desaparezan a licencia marital –necesaria prá firma de todo tipo de contratos- y a obediencia da muyer al sou marido.

Pras muyeres as cousas van cambiando mui pouquín a pouco (como medran os días despós de Santa Lluía): inda “disfrutan”, case en exclusiva, del trabayo d’ocuparse dos labores domésticos y el cuidado dos fiyos, al tempo que desarrollan a súa actividá profesional.

Na década dos 80 prodúcese a incorporación da muyer al mercao laboral. Se temos en conta qu’as condicións de trabayo son, en muitas ocasións, penosas pra os homes, podemos fernos úa idea de cómo van ser pras muyeres: imposibilidad d’acceso, na práctica, a algúas ocupacións (por tradición, condicionamento social, prexuício, etc.), contratos temporales ou de media xornada, poucas oportunidades de promoción...

A caixa que destapó Pandora –a primeira muyer según el mito d’Hesíodo– liberando as miserias que dende entós envolven y esmolen a os homes, cóstounos mui cara ás muyeres.

## Nel medio rural

Ben llonxe del *beatus ille* qu’os poetas Horacio y Virgilio entonaron nas súas obras, a vida nel campo asturiano sempre foi dura. Pr’autoabastecerse, a

xente tía que llabrar todos os productos que ye fían falta, practicando el policultivo, ás veces en terrenos nos que nun era fácil trabayar. Tían que conseguir qu’as terras rendesen el máis que pudesen, y hasta hai pouco sin dispoñer de maquinaria que facilitase as llaborías.

Xunto al home, a muyer sempre trabayóu na terra. El político ilustrado Campomanes escribe nel sou *Discurso sobre la educación popular*: «Provincias hai nas qu’as muyeres, sin salir d’España, van a os barcos a pescar nel mar, llevan a vender el pescaco fresco dende os portos de mar a terra adentro ou a os mercaos, llabran as terras, son tendeirás, panadeirás qu’amasan y venden el pan. Todas estas llaborías exercitan nas provincias marítimas de Galicia, Asturias, Montaña, Vizcaya y Guipúzcoa. Nestos mesmos países as muyeres guardan el gao por veceira se fai falta, guían os carros, sachan, segan, y inda llabran, a falta d’homes, as terras».

En muitos labores participaban homes y muyeres: cavar nel horto, preparar a terra, semar, sachar, coyer; ir al herba pra darye de comer al gao, allindar as vacas, mecellas; ir al mullido ou al ouca; fer a matanza... Pro outras tían carácter femenino: eran ellas as qu’iban por augua y tían sempre a prancha da cocía de lleña chía de cacharros pra tella caliente. Llavaban a roupa –que tía que durar– nel río ou na casa, cuas maos arroxadas y sabañois nos didos. Amasaban as fogazas, os rapóis y as roscas que cocían nel forno, despós de roxallo y deixallo llimpo.



Cocieras núa boda en San Xuyán



Dorinda por ANGELES LÓPEZ (CASA DA MOLLE)

Muyeres llavando

Batían a manteiga y fian el queixo. Ocupábanse de fer el xabón cúa grasa del cocho. Filaban, calcetaban, cosían y remendaban. Taban al cargo da casa, da cocía y dos fiyos. El mesmo qu'agora, trabayaban na casa y fora d'ella.

As muyeres, nel medio rural, sempre desempeñaron trabayos pra os que fía falta forza y qu'esixían esforzo físico. A mesma forza, el mesmo esforzo, que se precisan hoi en algúas llaborías pras que nunca se vai contratar úa muyer.

Nel que ten que ver cúa educación, poucas veces a muyer tía acceso a úa enseñanza superior; condo había cuartos pra estudiar a algún fiyo, tratábase case sempre d'un varón, porque das nenás esperábase qu'el sou destino fose casarse y depender del home escoyido. Nesa dirección educábase á muyer, considerando qu'a casa tía que tar al cargo d'ella, xa fose esposa, madre, fiya ou ermá. Nel obra *Leccións d'economía y d'hixene doméstica*, escrita a finales del siglo XIX pra que pudiese valer como texto nas escolas de nenás, dícese qu'a primeira obrigación da muyer é a moralidá, siguida de «fidelidá, respeto, humildá, obediencia, dulzura y úa constante y amable solicitú na complacencia, servicio y honra del home, debendo sacrificar, nel obsequio d'este, os gustos, deseos ou inclinacións de sou», ideario este qu'hasta nun hai muito permanecéu tristemente vixente.

Xa dicía Bertrand Russell que foi sempre costume da educación favorecer, entre outros instrumentos de poder, al sexo masculino.

A enseñanza foi, y sigue sendo, úa das ocupacións preferidas pollas muyeres procedentes d'un entorno rural que tían a posibilidá de fer estudios superiores. Condo exercer el maxisterio nun esixía ter a formación universitaria que se precisa agora, abondas muyeres fixeron escola nos pueblos asturianos. Tamén nestos casos as condicións del sou quefer eran impostas pollos homes, como se desprende d'un contrato firmao en Asturias alló pol ano 1923. Nélf figuraban cláusulas prohibíndoyes casarse, andar en compañía d'homes, fumar, beber viño, vistir roupas axabaradas ou que chegasen por derriba dos tobiyos máis de cinco centímetros; y tían qu'usar, a lo menos, dúas enauguas.

Hoi, que nas universidades el número de mozas ta mui por enriba del de mozos, a presencia das muyeres sigue sendo mínima nos estudios técnicos y experimentales, áreas de trabayo de predominio masculino.

A diversión y as relacións sociales taban relacionadas cuas celebracións relixosas ou cuas reunións nas que s'axugaban festa y llabor. Ocasións pr'arxapiar xuntos mozos y mozas eran as ferias y romeirías, os esfoyóis y as pollavillas. Sempre –sobra dicillo– baxo as normas da moral imposta



Diseñada por ANGELES LÓPEZ (CASA DA MOLLE)

Col herba seca

polla atmósfera relixosa na que se vivía. Y cuidándose muito ellas de nun cayer nas mesmas "tentacióis" ou "deslices" nos qu'ellos si podían cayer sin consecuencias tan negativas prá súa reputación y el sou futuro.

Nas zonas rurales, y máis se tán distantes dos grandes núcleos urbanos, faise difícil, tanto pra os homes como pras muyeres, el acceso a muitos servicios públicos, como poden ser a sanidá ou a cultura. Pro, nel caso das muyeres, hai que peliar tamén contra a idea de qu'éstas tein que tar al servicio del home ou dos fijos ou ermaos, y en condicióis d'inferioridá respecto al abanico de posibilidades que se yes ofrecen a ellos. Y esto costa máis caro nun entorno conservador. D'este xeito, ás desventaxas que pudesen derivarse del medio, hai qu'amecer as que se deben al sexo y á lenta evolución da mentalidá nel que respecta á consideración da muyer y el sou papel na sociedá.

El camín hacia a igualdá dos roles sociosexuales ten paso obrigao polla independencia a través da preparación y el trabayo.

## Acabo

Nel folclore asturiano, as que cantaban, acompañándose de toques de pandeiros y panderetas, eran as muyeres. Mentres tanto, as parexas beilaban,

y era el home quen llevaba a iniciativa nos pasos y voltas, que tía que seguir a muyer. Condo a canción chegaba al final, anunciáballo úa copla como esta, que fala por si mesma:

*«Allá va la despedida  
y con ella voi pa casa:  
tengo les sopas cociendo,  
fáltame echa-yos la grasa.»*



### NOTAS:

<sup>1</sup>Tópico lliterariu que toma el sou nome das pallabras *beatus ille* ("feliz aquél"...), qu'empreóu el poeta Horacio na súa obra *Epodos* (Epodo II) pra fer esaltación da beatidá da vida nel campo. Tamén aparece nas *Xeórxicas* de Virgilio.

### BIBLIOGRAFÍA:

- ANES ÁLVAREZ, R., "El campesinado en la Edad Moderna", *Historia de Asturias*, III, Ed. Prensa Asturiana, Uviéu, 1990.
- FERNÁNDEZ, F., MACEDA, A., RODRÍGUEZ, F., "El espacio rural en Asturias", *Historia de Asturias* III, Ed. Prensa Asturiana, Uviéu, 1990.
- GUERRA Y GIFRE, L., *Lecciones de economía y de bigiene doméstica*, 21ª edición, Librería de Francisco Puig, Barcelona, 1910.
- HARRIS, M., *Antropología cultural*, Alianza Editorial, Madrid, 1995.
- *Nuestra especie*, Alianza Editorial, Madrid, 1998.
- RIGOLLET, C. *Las mujeres en el mundo*, Edelvives, Zaragoza, 1997.